Simulación	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho do profesorado durante o horario de tutorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que fornece a plataforma de teledocencia Faitic). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudio e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Presentación	Avaliación de presentación realizadas nas clases prácticas durante o período lectivo.	10	A2 A4 A5	B2 B4 B6 B9 B10	C1 C9 C11 C13	D1
Exame oral	Proba onde se examinará a competencia de expresión oral do alumnado posto ante certas situacións (simulacións) ou temas (debates).	15	A2 A4	B4 B6 B8 B10	C6 C7 C9 C11	D1
Resolución de problemas e/ou exercicios	Dúas probas escritas realizadas ao longo do curso baseadas nos contidos gramaticais e léxicos impartidos (gramática: 25%, vocabulario: 25%). A primeira terá lugar logo dos tres primeiros temas de gramática e vocabulario, a mediados do cuadrimestre, e a segunda na data establecida no calendario aprobado na Xunta de Facultade.	50	A1 A2	B1 B7	C5	
Exame de preguntas obxectivas	Dúas probas de escoita, con resposta escrita a preguntas sobre un documento oral que teñen que escoitar, realizadas ao longo do curso. A primeira a mediados do cuadrimestre e a segunda na data establecida no calendario aprobado na Xunta de Facultade.	25	A2	B1 B2 B4	C1 C5	

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

#### A1) Avaliación continua

A asistencia ás clases non é obrigatoria, pero si é obrigatorio realizar todas as probas previstas na avaliación. As probas non realizadas contarán como un cero. A primeira proba escrita terá lugar ao final das unidades 3 de gramática e vocabulario. Nese mesmo día ou un día cercano celebrarase a primeira proba de escoita. A segunda proba escrita e a segunda proba de escoita terán lugar nas datas establecidas no calendario de exames aprobado na Xunta de Facultade. As datas para a presentación e o exame oral de cada estudante determinaranse coa debida antelación e serán publicadas na plataforma Moovi.

#### A2) Avaliación única

O alumnado que non realice a avaliación continua será avaliado mediante dúas probas que terán lugar ao final do cuadrimestre:

- a) un exame escrito, que suporá o 75% da nota global e constará de exercicios de gramática (25%), vocabulario (25%) e escoita (25%);
- b) un exame de expresión oral, que contará como o 25% restante.

As datas dos exames escritos terán lugar nos días establecidos no calendario de exames aprobado na Xunta de Facultade e serán lembradas por Moovi coa antelación necesaria. Para a realización da proba de expresión oral, o alumnado deberá poñerse en contacto co profesorado da materia con anterioridade ao final das clases.

#### Requisitos para aprobar a materia tanto para o alumnado de avaliación continua como de avaliación única:

Para aprobar a materia é requisito indispensable obter unha cualificación individual de polo menos un 4 en cada unha das catro partes (gramática, vocabulario, escoita e expresión oral). De non cumprirse este requisito, aínda que a media aritmética das catro partes sexa superior a 5, a/o alumna/o non superará a materia. Na segunda edición de actas deberá repetir as probas das partes que non aprobe e poderá conservar as notas das outras partes.

### B) SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado que non supere a materia na primeira edición de actas poderase presentar en xuño/xullo para a segunda edición de actas. A avaliación consistirá en dúas probas:

- a) un exame escrito, que suporá o 75% da nota global e constará de exercicios de gramática (25%), vocabulario (25%) e escoita (25%);
- b) un exame de expresión oral, que contará como o 25% restante.

A data do exame escrito será a data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade. Para a realización da proba de expresión oral, o alumnado deberá poñerse en contacto co profesorado da materia con antelación.

Como na primeira edición de actas, para aprobar a materia é requisito indispensable obter unha cualificación individual de polo menos un 4 en cada unha das catro partes (gramática, vocabulario, escoita e expresión oral). De non cumprirse este

requisito, aínda que a media aritmética das catro partes sexa superior a 5, a/o alumna/o non superará a materia.

En calquera das probas, a copia ou plaxio total ou parcial suporá un cero na proba correspondente.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Hashemi, L. and B. Thomas, **Grammar for First Certificate with Answers. Self-study Grammar Reference and Practice**, 2nd ed., Cambridge University Press, 2008

Thomas, B. and L. Matthews, **Vocabulary for First Certificate with Answers. Self-study Vocabulary Practice**, 1st ed., Cambridge University Press, 2008

### **Bibliografía Complementaria**

Comfort, J., **Effective Presentations**, 1st ed., Oxford University Press, 1995

Eastwood, J., **Oxford Practice Grammar Intermediate (with answers)**, 3rd.ed, Oxford University Press, 2014

Hewings, M., **Advanced Grammar in Use: A Self-study Reference and Practice Book for Advanced Students of English (with answers)**, 3rd ed., Cambridge University Press, 2013

McCarthy, M. and F. O'Dell, **English Vocabulary in Use. Upper-intermediate. Vocabulary Reference and Practice (with answers)**, 4th ed., Cambridge University Press, 2017

Murphy, R., **English Grammar in Use: A Self-study Reference and Practice Book for Intermediate Learners of English (with answers)**, 4th ed., Cambridge University Press, 2015

O'Dell, F. and M. McCarthy, **Test your English Vocabulary in Use. Upper-intermediate**, 2nd ed., Cambridge, 2012

Swan, M., **Practical English Usage**, 4th ed., Oxford University Press, 2016

Thomas, B., L. Hashemi and L. Matthews, **Grammar and Vocabulary for First and First for Schools (with answers and audio)**, 1st ed., Cambridge University Press, 2015

Vince, M., **Language Practice for First. English Grammar and Vocabulary (with key)**, 5th ed., Macmillan, 2014

Vince, M., **Language Practice for Advanced. English Grammar and Vocabulary (with key)**, 4th ed., Macmillan, 2014

Yule, G., **Oxford Practice Grammar. Advanced (with answers)**, 1st ed., Oxford University Press, 2006

**Cambridge Advanced Learner's Dictionary**, 4th ed., Cambridge University Press, 2013

**Oxford Wordpower Dictionary**, 4, Oxford University Press, 2012

**Merriam-Webster Online Dictionary and Thesaurus**, Merriam-Webster,

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

---

## **Outros comentarios**

Recoméndase a asistencia e participación activa nas sesións presenciais, por constituír un elemento chave na adquisición das competencias desta materia por parte do alumnado. Porén, a asistencia por si mesma non é un elemento avaliable.

Aconséllase tamén o estudo diario dos contidos gramaticais e léxicos impartidos nas aulas, así como a realización de exercicios prácticos sobre ditos contidos de xeito autónomo.

Para poder seguir mellor as clases é preciso posuír un nivel B1.2 (intermedio) de inglés.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas, pero adaptándose ao ensino non presencial, utilizando as ferramentas que forneza a U. Vigo ao efecto, como Moovi e Campus remoto.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Se a presentación oral non se pode facer nunha aula ou a través do campus remoto, o alumnado terá que gravala e subila a Moovi antes da data establecida.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A través de correo electrónico, foros en Moovi, ou campus remoto.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir.

Non se prevé facer modificacións nos contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Se se considerase preciso, informarase ao alumnado a través de Moovi.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Tanto os criterios como as probas de avaliación manteranse, coa obvia adaptación a un escenario non presencial.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés**

Materia	Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés			
Código	V01G181V01110			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Bringas López, Ana María			
Profesorado	Bringas López, Ana María			
Correo-e	abringas@uvigo.gal			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal/">http://https://moovi.uvigo.gal/</a>			
Descrición xeral	Esta materia ocúpase da lingua instrumental centrándose no desenvolvemento das destrezas de Reading e Writing. Prestaráselles atención á comprensión e á expresión escrita, ás estratexias de cohesión e coherencia textual, aos tipos de texto, aos aspectos retóricos e de organización así como ao uso do vocabulario a través de diferentes temas e textos. Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B1.2 de inglés (intermediate). O nivel, en competencias escritas (writing skills) para superar esta materia ó final do cuadrimestre será B2 (upper intermediate).			

**Competencias**

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B4	Capacidade de comunicación oral e escrita en inglés e en outras linguas do ámbito europeo.
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.
C1	Capacidade para comunicarse nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
C4	Habilidade para adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
C5	Capacidade de adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
C6	Capacidade de construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.



C9	Capacidade de planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de maneira eficaz e válida, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
C10	Habilidade para mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e para ser competente de sensibilizar ás persoas da contorna na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, capacidade de explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
C11	Habilidade para visibilizar e poñer en valor as achegas feitas polas mulleres á literatura e a cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, capacidade de identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
C13	Habilidade para ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión escrita no primeiro idioma estranxeiro.	A2 A3 A4	B1 B2 B4 B6 B9	C1 C4 C6	D1
Comprensión dos conceptos básicos e avanzados de lectura e redacción de textos.	A1 A3 A5	B1 B2 B7 B9 B10	C4 C6 C9	
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo centrándose no desenvolvemento de varios rexistros/discursos: divulgativo, de opinión, académico, etc.	A3 A4 A5	B4 B6 B8 B9 B10	C1 C5 C6 C9	D1
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de xeito escrito co vocabulario, secuenciación da información, cohesión argumental e estrutura lóxica en parágrafos.	A3 A4 A5	B7 B9 B10	C4 C9 C10 C11 C13	

## Contidos

### Tema

1. Simple Writing Structures: the paragraph.
2. Complex Writing Structures: from paragraph to essay.
3. Types of Essay: their function and aims.
4. Comparison and Contrast Essays: definition and practice.
5. Descriptive essays: definition and practice.
6. Opinion Essays: definition and practice.
7. Cause and Effect Essays: definition and practice.
8. Conventions of Academic Writing: an outline.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	32	32	64
Lección maxistral	16	16	32
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	50	54

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición

Seminario	Práctica por parte do alumnado a realizar na aula sobre a destreza comunicativa Writing nas categorías que se establecen no apartado de Contidos.
Lección maxistral	Explicacións sobre os distintos aspectos tratados no curso.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios que se realizan na aula, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	Orientación sobre as probas de avaliación, formato e contido.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas de desenvolvemento	Catro probas individuais de temáticas variadas da destreza Writing a realizar na aula durante o cuadrimestre. O peso de cualificación de cada proba é 25%.	100	A1	B1	C1	D1
			A2	B2	C4	
			A3	B4	C5	
			A4	B6	C6	
			A5	B7	C9	
				B8	C10	
				B9	C11	
				B10	C13	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación en primeira edición de actas (maio) pode ser continua (ao longo do cuadrimestre) ou única (ao final do cuadrimestre).

Na primeira edición de actas, participar nun sistema implica a imposibilidade de participar no outro: (i) unha vez a/o estudante realice a primeira proba de avaliación, o sistema de avaliación será necesariamente de avaliación continua, sen posibilidade de cambiar a avaliación única durante o cuadrimestre; (ii) a/o estudante que non realice a primeira proba de avaliación necesariamente deberá acollerse ao sistema de avaliación única.

### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

#### Avaliación continua

A cualificación final da materia calcularase en base a catro probas en total:

- **4 probas individuais de redacción** sobre temática variada conforme aos contidos descritos na guía docente. Cada proba ten un valor de 25% da cualificación final.

Para superar a materia:

- é obrigatorio facer as catro probas -- a non realización dunha proba (sen xustificación razoada) resultará nunha cualificación de cero nesa proba;
- é preciso obter unha nota mínima de 4 en cada unha das probas para poder realizar a media;
- é preciso obter unha nota mínima de 5 como nota media final;
- a avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística: a acumulación de erros graves gramaticais e/ou léxicos poden ser motivo de suspenso independentemente da calidade do contido da redacción.

A/O estudante que na primeira edición de actas obteña una cualificación de suspenso nunha ou varias probas deberá repetir na segunda edición de actas soamente a parte ou partes correspondentes. Non se contempla o exame programado para o sistema de avaliación única da primeira edición de actas como exame de recuperación para aprobar a(s) parte(s) da(s) proba(s) suspensa(s) na avaliación continua.

De non superar a parte ou partes suspensas na segunda edición de actas (xuño/xullo), a/o estudante deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores.

As datas de cada proba serán comunicadas con antelación e estarán publicadas na plataforma Moovi.

### **Avaliación única**

O alumnado de avaliación única deberá realizar un exame global no que a materia de exame será o conxunto dos contidos da materia. Neste sistema de avaliación os criterios de avaliación son os mesmos que se aplican á avaliación continua arriba descritos. O exame terá lugar na data establecida no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade.

### **SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS**

O exame terá lugar na data establecida no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade.

O alumnado de avaliación continua que na primeira edición de actas non suspendera a materia completa poderá recuperar a parte ou partes suspensas soamente. É responsabilidade do alumnado saber que parte(s) debe recuperar. Os criterios de avaliación son os descritos arriba no apartado de avaliación continua.

O alumnado de primeira edición de actas (avaliación continua ou única) que suspenda a materia completa e o alumnado que non se presente na primeira edición de actas deberá realizar un exame global no que a materia de exame será o conxunto dos contidos da materia. Os criterios de avaliación son os mesmos que se aplican á avaliación continua arriba descritos.

### **OBSERVACIÓNS**

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na totalidade da materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Durante a realización de exames non se permite a utilización de dicionarios, apuntamentos ou dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, tablets, ordenadores, etc.).

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e estar ao tanto das datas na que teñen lugar as probas de avaliación.

Os mesmos criterios descritos para a metodoloxía e avaliación serán aplicados ao alumnado de programas de intercambio. Para poder seguir a docencia, recoméndase que o alumnado alleo posúa un nivel B1 (Marco Europeo de Referencia) de inglés.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Davis, J. and R. Liss, **Effective Academic Writing 3: The Essay.**, Oxford UP, 2006

#### **Bibliografía Complementaria**

Anderson, C, "**The Shape of Content.**" In: **Free/Style: A Direct Approach to Writing**, Houghton, 1992

Boyle, M. and Warwick L, **Skillful Reading and Writing: Student's Book level 4**, N/d, Macmillan,

English, A. and L. M., **North Star Reading and Writing: High Intermediate.**, 2ª, Longman, 2004

Eschholz, P. and A. Rosa, **Subjects and Strategies: A Writer's Reader**, 11ª, Bedford/St. Martin's, 2008

Georgakopoulou, A. and D. Goutsos., **Discourse Analysis: An Introduction**, 2ª, Edinburgh UP, 2004

Georgakopoulou, A. and D. Goutsos., **Discourse Analysis: An Introduction**, 2ª, Edinburgh UP, 2004

Hewings, M, **Advanced Grammar in Use**, 3ª, Cambridge UP, 2015

McCarthy, M, "**Aspects of Vocabulary Learning.**" In: **English Vocabulary in Use (Advanced)**, Cambridge UP, 2002

McCarthy, M., "**Connecting and Linking Words.**" In: **English Vocabulary in Use (Upper-Intermediate).**, Cambridge UP, 2001

Mlnarczyk, R. and S. Haber, **In Our Own Words.**, 3ª, Cambridge UP, 2005

PURDUE UNIVERSITY., **THE ONLINE WRITING CENTER (OWL) <http://owl.english.purdue.edu/>**, Purdue Univesity,

Thomas, B. and L. Matthews P, **Vocabulary for First Certificate with answers.**, Cambridge UP, 2007

Zemach, D. and L. Rumisek., **Academic Writing: From Paragraph to Essay.**, N/d, Macmillan, 2003

VVAA, **Cambridge Advanced Learners Dictionary**, 4ª, Cambridge UP, 2013

VVAA, **Cambridge Word Selector**, calquera imp., Cambridge, 2001

VVAA, **Collins English Dictionary**, 10ª, Harper Collins, 2009

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

## **Outros comentarios**

Recoméndase o uso habitual da biblioteca, onde se poden atopar libros en formato papel. A lectura frecuente de textos en inglés (xornalísticos, literarios, de divulgación, etc) é de vital importancia para apoiar o desenvolvemento das competencias desta materia.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Manteranse as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que se formalizarán mediante as ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico, Moovi) ou semellantes de ser considerado beneficioso e axeitado para o alumnado.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

O alumnado poderá ser gravado con voz e imaxe durante a realización de probas de avaliación, conforme a Resolución Reitoral do 24 de abril de 2020, atendendo debidamente á protección de datos do alumnado e profesorado.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Francés**

Materia	Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Francés			
Código	V01G181V01111			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Salceda Rodríguez, Hermes			
Profesorado	Salceda Rodríguez, Hermes			
Correo-e	hermes.salceda@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que as estudantes acaden as competencias de comunicación oral e escrita propias do nivel B1, aproximadamente, segundo o Marco europeo de referencia e partendo de un nivel aproximado de A2. Isto é, que poidan realizar en francés as tarefas básicas da vida cotiá e contar de xeito sinxelo as súas experiencias e experiencias alleas.			

**Competencias**

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.
C1	Capacidade para comunicarse nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
C10	Habilidade para mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e para ser competente de sensibilizar ás persoas da contorna na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, capacidade de explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento medio do segundo idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1 A4	B1 B7	C1
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro.	A1 A2 A4 A5	B1 B7 B10	C10

**Contidos**

Tema	
1. Décrire l'espace. Demander son chemin.	Les marqueurs spatiaux. Le présent, le futur et l'impératif des verbes.
2. Donner des ordres, des conseils. Suivre des ordres des conseils.	Les formes de l'injonction.
3. Comparer des objets, des situations, des personnes.	La comparaison : les comparatifs. Les pronoms personnels compléments. Les relatifs.

4. L'expression des goûts. Énoncer des jugements. Donner son opinion.	Lexique de l'opinion : adjectifs, adverbes, verbes d'opinion.
5. Faire des projets.	L'expression du futur et de l'hypothèse.
6. Raconter des événements, sa journée, sa biographie	Les temps du passé. La concordance des temps. Les marqueurs temporels.
7. Contenus civilisationnels.	La presse française. La France dans le monde. Les grands secteurs d'activités en France.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	26	18	44
Prácticas con apoio das TIC	0	12	12
Resolución de problemas de forma autónoma	24	42	66
Traballo tutelado	0	26	26
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación e explicación dos contidos lingüísticos e culturais tratados no curso.
Prácticas con apoio das TIC	Formulación, análise e resolución de exercicios para a práctica da lingua francesa.
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios teórico-prácticos durante as aulas ou en casa. Os exercicios poderán ser avaliados, con ou sen previo aviso, como parte da avaliación continua.
Traballo tutelado	Presentación dun traballo sobre un tema de civilización.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O profesor atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas con apoio das TIC	Os exercicios a través da plataforma Tema u outra presentación, serán corrixiados individualmente e avaliados	10	A1 A2 A4 A5 B1 B7
Traballo tutelado	Presentación individual do traballo autónomo do alumno a partir dun libro de lectura obrigatoria.	30	B1 B10
Exame de preguntas obxectivas	Exame de comprensión-expresión escrita	30	A1 A5
Práctica de laboratorio	Proba de expresión-comprensión oral a partir dun documento audiovisual adecuado para o nivel obxectivo da materia	30	A4 B1

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado será avaliado mediante o sistema de **avaliación continua** indicado arriba. A proba escrita e a proba de comprensión oral terá lugar no período de exames na data do calendario aprobada pola Xunta de Facultade. A presentación individual terá lugar no período de exames na data acordada previamente co profesor. As datas de entrega dos exercicios acordaranse co profesor ao principio do curso.

Para aprobar a materia será necesario entregar os traballos na data requirida. As probas non entregadas contarán como un cero. En caso de plaxio, a nota é de suspenso. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

O alumnado que, por motivos xustificadas, non poida realizar a avaliación continua poderá examinarse do 100% da materia na 1ª edición de actas polo sistema de **avaliación única**. O exame será de comprensión/expresión oral et de

compresión/expresión escrita (50% cada parte). O exame terá lugar no período de exames na data do calendario aprobada pola Xunta de Facultade,

## **SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo)**

Na segunda edición de actas (xullo) haberá un exame de comprensión/expresión oral e escrita polo 100% da cualificación (50% cada parte) O exame terá lugar no período de exames na data do calendario aprobada pola Xunta de Facultade, e a proba oral tamén terá lugar no período de exames na data acordada previamente co profesor.

**As calificacións de traballos non se gardarán dunha edición a outra.**

Recoméndase o traballo continuado e a consulta frecuente dos medios de comunicación franceses.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Akyüz, Anne, **Exercices de grammaire en contexte B1**, Hachette FLE, 2019

AA. VV., **Exercices de vocabulaire en contexte. Niveau intermédiaire.**, Hachette, 2000

AA. VV., **Vocabulaire illustré 350 exercices. Niveau intermédiaire.**, Hachette, 1992

Delatour, Y. et alii, **La nouvelle grammaire du français. Cours de civilisation française de la Sorbonne.**, Hachette, 2004

#### **Bibliografía Complementaria**

AA. VV., **Le nouveau Bescherelle. L'art de conjuguer. Dictionnaire de 12000 verbes.**, Hatier, 1988

Abry & amp; Chalaron, **les 500 exercices de phonétique B1 / B2**, Hachette, 2011

Godard, E. et alii, **Les clés du nouveau DELF B1**, La maison des langues, 2014

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Segundo idioma estranxeiro III: Francés/V01G180V01304

Segundo idioma estranxeiro IV: Francés/V01G180V01404

Segundo idioma estranxeiro V: Francés/V01G180V01604

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

(\*)/

---

### **Outros comentarios**

Recoméndase frecuentar os medios de comunicación franceses, asistir ás aulas, traballar todos os días.

Para poder seguir a materia recoméndase un nivel A2, e espérase alcanzar un nivel B1.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma TEMA e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar. Publicarase unha bibliografía complementaria na páxina da materia na plataforma de teledocencia.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

---

### **Plan de Continxencias**

#### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONALES PLANIFICADAS ===

Ante a incierta e imprevisible evolución de la alerta sanitaria provocada por el COVID-19, la Universidad de Vigo establece una planificación extraordinaria que se activará en el momento en que las administraciones y la propia institución lo determinen atendiendo a criterios de seguridad, salud y responsabilidad, y garantizando la docencia en un escenario no presencial o parcialmente presencial. Estas medidas ya planificadas garantizan, en el momento que sea preceptivo, el desarrollo de la docencia de un modo más ágil y eficaz al ser conocido de antemano (o con una amplia antelación) por el alumnado y el profesorado a través de la herramienta normalizada e institucionalizada de las guías docentes.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de

estudiantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

=== ADAPTACIÓN DE LAS METODOLOGÍAS ===

Se mantienen las metodologías, contenidos, evaluaciones y tutorías con la salvedad de que se realizarán con las herramientas proporcionadas por la Universidad de Vigo (aulas y despachos virtuales, correo electrónico y Moovi).

---



**DATOS IDENTIFICATIVOS****Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Alemán**

Materia	Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Alemán			
Código	V01G181V01112			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Corvo Sánchez, María José			
Profesorado	Corvo Sánchez, María José Villamarin Reinoso, Marta			
Correo-e	mcorvo@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo">http://https://moovi.uvigo</a> .			
Descrición xeral	É unha materia de seis créditos, que se imparte no segundo cuadrimestre do primeiro curso do grao, e que está concibida como unha continuación da materia Segundo Idioma Estranxeiro I: Alemán, impartida no primeiro cuadrimestre, como un curso de iniciación á lingua alemá básica, así como de introdución elemental ao coñecemento da cultura sobre a que se sostén esta lingua, entendendo con isto a lingua e a cultura dos pobos que se expresan en alemán e de modo principal Alemaña, Austria e Suíza. Xa que logo, debe entenderse esta materia como un medio de consolidación dunha boa base para seguir aprofundando máis adiante nos coñecementos do alemán, procurando prestar maior atención en posibles futuros cursos á progresión das destrezas orais, cuxa adquisición poderá ser máis rápida unha vez se asenten neste curso as bases gramaticais, léxicas e orais necesarias para unha aprendizaxe oral e práctica da lingua cotiá alemá. O curso persegue o paso do nivel A1.1 a A1.2.			

**Competencias**

Código	
A2	Que o estudantado saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
C1	Capacidade para comunicarse nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
C13	Habilidade para ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento do segundo idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística comunicativa e de cultura e civilización.	A2	B5	C1 C13
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.	A2 A3 A4	B5 B7	C1 C13

**Contidos**

Tema	
1.	Aussprache (II)
Im Deutschkurs. Kursvokabular und Sätze Nützliche Wendungen	Das deutsche Buchstabieralphabet

2. Das Nomen: Wiederholung und Ergänzung. Komposita (II) Wechselpräpositionen: Dativ / Akkusativ	Die Stadt. Wegbeschreibung; jemanden um Hilfe bitten Institutionen und Plätze in der Stadt
3. Possessivpronomen (II) Genitiv (II): Wiederholung und Ergänzung Schwache und starke Nomen	Wohnen und Häuser Familie
4. Dativ und Akkusativergänzungen. Wortstellung Präpositionale Verben (A1)	Einrichtungen und Orte in der Stadt
5. Die Zahlwörter: Datum, Uhrzeit, Masse Temporale Präpositionen (II)	Termine Im Hotel
6. Zukunft: Präsens und Futur Reflexivpronomen, reflexive Verben Reziproke Verben	Pläne und Wünsche
7. Imperativ. Lassen. Sollen Trennbare Verben (II)	Gesundheit und Krankheit. Körperteile Aktivitäten im Haushalt
8. Präteritum (A1): sein, haben, Modalverben, gemischte Verben Trennbare und untrennbare Verben: Perfekt Adjektive mit dem Negationspräfix "un-"	Aussehen und Charakter
9. Modalverben (II) Hin und her	Regeln im Verkehr und Umwelt
10. Das Adjektiv nach dem Verb (II): Komparativ und Superlativ	Kleidung
11. Reflexive Verben: Perfekt Nebenordnende Konjunktionen (II)	Wetter
12. Würde + Infinitiv	Feste und Feiern
Observación: Este temario inicial, en que se propón un estudo da lingua e da cultura además, está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases.	Outros temas de contido cultural ou de Landeskunde.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	8	16
Traballo tutelado	40	80	120
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento desta dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios, outros libros e lecturas complementarios e outras ferramentas en liña para a aprendizaxe autónoma dunha lingua estranxeira.
Lección maxistral	Exposicións teóricas e aprendizaxe gramatical, léxica e cultural.
Traballo tutelado	Práctica de lectura, escritura e tradución, corrección de exercicios, exposicións, elaboración de actividades ou traballos individuais complementarios e resolución das dificultades lingüísticas e culturais.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballo tutelado	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
-------------------	---

Probos	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Seguimento e apoio na preparación e realización das probas, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Valoración continua da participación activa en todas as actividades desenvolvidas no aula. Puntuación dos traballos e exercicios entregados durante o curso nas clases teóricas e prácticas.	40	A2 A3 A4	B5 B7	C1 C13
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame escrito de contido léxico, gramatical e cultural; proba oral de apoio en casos puntuales que o requiran, como avaliación única ou casos dubidosos con baixa nota no escrito. A nota sería a suma de ambas probas (escrita e oral).	60	A3 A4	B5	C1 C13

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O desenvolvemento desta materia apóiase no método MENSCHEN e o emprego do seu manual ou LEHRBUCH, do libro de exercicios ou ARBEITSBUCH e do GLOSSAR ou guía ten **carácter obligatorio**: véxanse as referencias destes libros na sección de bibliografía desta guía. É responsabilidade do alumnado obter unha copia impresa ou digital de devanditas referencias para o bo seguimento do curso.

